

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	de Vilalonga	Sanxenxo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0656	Simulación empresarial	2023/2024	8	140	168

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ISMAEL MENÉNDEZ VÁZQUEZ,ROSANA LÓPEZ NODAR (Subst.)
Outro profesorado	ROSANA LÓPEZ NODAR

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O entorno produtivo de Sanxenxo e comarca baséase en pequenas e medianas empresas, cunha grande representación do sector servizos e con pouca especialización, que realizan todas as funcións de carácter administrativo nos procesos comerciais, laborais, contables, fiscais e financeiros, polo que o currículo adáptase na súa meirande parte ás necesidades destas empresas ó demandar profesionais de grao superior de ampla formación en todos os ámbitos funcionais da empresa.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para confeccionar un proxecto empresarial e efectuar a súa xestión, de xeito integrado, nun contexto real de traballo, onde o alumnado poñerá en práctica os coñecementos e procedementos adquiridos ó longo do seu proceso de aprendizaxe nas diferentes áreas.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A innovación empresarial, a idea de negocio e o plan de empresa.	O desenvolvemento do espírito emprendedor a través dunha idea de negocio reflectida nun plan de empresa.	20	10
2	A estratexia empresarial, análise e planificación.	O estudo do mercado para detectar necesidades insatisfeitas e analizar as vantaxes competitivas.	40	25
3	A organización interna da empresa.	A empresa segundo o sector empresarial e a súa organización. A forma xurídica, recursos e necesidades.	20	10
4	A financiación empresarial e a análise económica e financeira.	A estrutura e composición da empresa, o seu financiamento e a determinación da viabilidade.	40	25
5	A creación da empresa.	Os trámites necesarios e a xestión da documentación para a posta en marcha.	20	10
6	A xestión da empresa.	A planificación e control dos distintos departamentos.	28	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A innovación empresarial, a idea de negocio e o plan de empresa.	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Examináronse as facetas da innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.), relacionándoas como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
CA1.2 Relacionáronse a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.
CA1.3 Valoráronse os aspectos inherentes á asunción de risco empresarial como motor económico e social.
CA1.4 Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
CA1.5 Seleccionáronse experiencias de innovación empresarial describindo e valorando os factores de risco asumidos en cada unha.
CA1.6 Propuxéronse posibilidades de internacionalización dalgunhas empresas como factor de innovación destas.
CA1.7 Definíronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.
CA1.7.1 Definíronse as axudas públicas para a innovación, creación e internacionalización de empresas.
CA1.7.2 Definíronse as axudas privadas para a innovación, creación e internacionalización de empresas.
CA1.8 Expuxéronse as distintas visións que existen acerca da actividade empresarial emprendedora.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
As diferentes concepcións do empresario emprendedor.
Proceso innovador na actividade empresarial.
Factores de risco na innovación empresarial: facetas da persoa emprendedora.
Tecnoloxía como clave da innovación empresarial.
Experiencias de innovación empresarial (CA 1.5)
Internacionalización das empresas como oportunidade de desenvolvemento e innovación.
Axudas e ferramentas para a innovación empresarial.
Axudas e ferramentas públicas para a innovación empresarial.
Axudas e ferramentas privadas para a innovación empresarial.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A estratexia empresarial, análise e planificación.	40

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as implicacións que leva consigo a elección dunha idea de negocio.
CA2.2 Diferenciouse entre o que pode ser unha simple idea e unha idea de negocio factible.
CA2.3 Sinaláronse as vantaxes e os inconvenientes das propostas de negocio.
CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
CA2.6 Identificouse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
CA2.7 Efectuouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
CA2.8 Efectuouse unha análise da competencia para situar o produto.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
A persoa promotora e a idea.
Selección de ideas de negocio.
Plan de empresa.
Análise de mercados.
Actividade empresarial.
Competencia.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A organización interna da empresa.	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
CA3.2 Recoñécense os tipos de empresas existentes.
CA3.3 Establecéronse claramente os obxectivos da empresa.
CA3.4 Relacionouse a organización establecida pola empresa co seu tipo e cos seus fins.
CA3.5 Identifícanse as funcións dentro da empresa
CA3.6 Seleccionouse a forma xurídica adecuada.
CA3.7 Efectuouse unha asignación eficiente dos recursos necesarios.
CA3.8 Recoñécense e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
CA3.9 Valorouse a importancia de dotar a empresa da estrutura adecuada para o seu mantemento.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Empresario ou empresaria.
Empresa: clasificación, forma xurídica, obxectivos, organización funcional e responsabilidade social.
Asignación de recursos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A financiación empresarial e a análise económica e financeira.	40

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Efectuouse un estudo da viabilidade técnica do negocio.
CA4.2 Contrastouse o cumprimento da normativa legal do futuro negocio.
CA4.3 Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
CA4.4 Efectuouse unha análise sobre a capacitación profesional para levar a cabo as actividades derivadas do tipo de negocio elixido.
CA4.5 Realizouse unha análise do impacto ambiental de proxecto de empresa.
CA4.6 Realizouse unha análise dos riscos laborais de proxecto de empresa.
CA4.7 Comprobouse a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.
CA4.8 Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Investimento na empresa.
Fontes de financiamento
Plan de viabilidade.
Análise económico-financeira de proxectos de empresa.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	A creación da empresa.	20

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestión a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa, analizando os trámites legais e as actuacións necesarias que levan consigo a realización do proxecto empresarial.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñeceuse a existencia da realización de trámites legais esixibles antes da posta en marcha dun negocio.
CA5.2 Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función de forma xurídica que se elixa.
CA5.3 Identifícaronse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
CA5.4 Cubriuse a documentación necesaria para a constitución da empresa.
CA5.5 Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.
CA5.6 Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social
CA5.7 Realizáronse os trámites necesarios que cumpra realizar noutras administracións públicas á hora de abrir un negocio.
CA5.8 Recoñeceuse a existencia de trámites de carácter específico para determinados tipos de negocios.
CA5.9 Valorouse a importancia do cumprimento dos prazos legais para a tramitación e a posta en marcha dun negocio.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Trámites xerais para os diversos tipos de empresa.
Tramites específicos. Negocios particulares.
Autorizacións, instalación ou constitución.
Inscripcións en rexistros.
Carnés profesionais.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	A xestión da empresa.	28

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.
CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
CA6.3 Xestionáronse os recursos humanos.
CA6.4 Confeccionouse e verificouse a contabilidade da empresa.
CA6.5 Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.
CA6.6 Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.
CA6.7 Valorouse a organización da propia tarefa.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Plan de aprovisionamento.
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.
Xestión da contabilidade como toma de decisións, das necesidades de investimento e financiamento, e das obrigas fiscais.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Expediente do proxecto: elaboración e selección do destinatario.
Exposición pública do proxecto: técnicas de captación da atención. Destrezas comunicativas.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIGIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:

- Examináronse as facetas da innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.), relacionándoas como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
- Relacionáronse a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.
- Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
- Definíronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.
- Diferenciouse entre o que pode ser unha simple idea e unha idea de negocio factible.
- Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
- Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
- Identificouse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
- Efectuouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
- Efectuouse unha análise da competencia para situar o produto.
- Identificáronse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
- Recoñecéronse os tipos de empresas existentes.
- Identificáronse as funcións dentro da empresa.
- Selecionouse a forma xurídica adecuada.
- Recoñecéronse e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
- Efectuouse un estudo da viabilidade técnica do negocio.
- Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
- Realizouse unha análise do impacto ambiental de proxecto de empresa.
- Realizouse unha análise dos riscos laborais de proxecto de empresa.
- Comprobouse a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.
- Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.
- Recoñeceuse a necesidade da realización dos trámites legais exigibles antes da posta en marcha dun negocio.
- Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función de forma xurídica que se elixa.
- Identificáronse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
- Cubriuse a documentación necesaria para a constitución da empresa.
- Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.
- Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social
- Realizáronse os trámites necesarios que cumpra realizar noutras administracións públicas á hora de abrir un negocio.
- Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.
- Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
- Xestionáronse os recursos humanos.
- Confeccionouse e verificouse a contabilidade da empresa.
- Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.
- Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.

- Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
- Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, precisando da participación activa nas clases e nas actividades adicionais que se poidan programar para poder desenrolar os traballos prácticos que se propoñan. A avaliación continua realízase valorando as aportacións do alumno na clase, o desenrolo dos traballos e actividades que se fixen, tanto individuais como en grupo, e a resolución dos exercicios e probas individuais que en cada avaliación parcial se realicen.

Para alcanzar a avaliación positiva no módulo será preciso ter aprobadas cada unha das avaliacións parciais, sendo a nota final a media aritmética delas. As avaliacións parciais serán valoradas de 1 a 10 puntos, sendo necesario obter 5 puntos para considerala aprobada.

A cualificación de cada avaliación parcial farase valorando, por unha banda, aspectos de tipo procedimental e actitudinal, e pola outra banda aspectos obxectivos. Os aspectos procedimentais e actitudinais reflectirán o traballo na aula (coma os exercicios resoltos e a pertinencia das intervencións solicitadas), a participación na clase e o grao de iniciativa e responsabilidade no comportamento amosado. Asígnaselle un peso do 10% da cualificación.

Os aspectos obxectivos materialízanse na realización de diversos tipos de probas escritas, teóricas e prácticas, que teñen a finalidade de coñecer e avaliar o grao de comprensión dos contidos que van adquirindo os alumnos. Asígnaselle un peso do 90% da cualificación.

Para que unha proba obxectiva escrita sexa valorada positivamente deberá alcanzar unha nota mínima de 5 sobre 10: as probas escritas que non alcancen unha valoración positiva poderanse compensar coas demais probas escritas realizadas na mesma avaliación parcial, sempre que as primeiras teñan unha nota mínima de 4 sobre 10, e a nota media das probas escritas da avaliación parcial sexa de 5.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando o resultado dalgunha avaliación sexa negativo realizaranse actividades de recuperación que supoñan un compendio de todos os conceptos e procedementos da avaliación pendente. As actividades de recuperación poderán consistir na resolución dun exercicio obxectivo sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias, na repetición de determinados traballos e procedementos cando se observase que na súa confección inicial o alumno non adicou o suficiente tempo ou esforzo, e na realización dunha proba obxectiva escrita sobre aqueles contidos nos que se comprobara que o nivel de coñecementos é insuficiente. A cualificación máxima dunha recuperación será de 8/10, é dicir que as cualificacións obtidas levarán unha ponderación do 80%.

Os alumnos que teñan avaliacións non superadas realizarán as probas de recuperación ata a avaliación previa á Formación en Centros de Traballo (F.C.T.), podendo facer se o precisaran unha proba final de recuperación dalgunha parte pendente. Se aínda así non acadaran unha avaliación global positiva terán que facer as actividades de recuperación durante o periodo ordinario de realización da F.C.T. no horario das clases que se planifiquen para elas, do mesmo xeito descrito para recuperar as avaliacións parciais pero abrangendo todos os contidos do módulo; nembargantes, nalgunhas circunstancias, pódese estimar convinte incidir nas actividades de recuperación dos bloques de contidos ou unidades de traballo previamente indentificadas coma de especial dificultade para o alumno, se os resultados obtidos previamente foran moi deficientes. De todos os xeitos poderase facer unha última proba final antes da avaliación posterior á F.C.T.

## **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A avaliación ten carácter continuo nas modalidades do ensino presencial, polo que cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para este módulo; é dicir que a avaliación continua do alumno require a asistencia regular ás clases. Consonte á lexislación educativa vixente, quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo perderá o dereito a continuar co procedemento ordinario de avaliación e deberá presentarse a unha Proba Extraordinaria de Perda de Dereito á Avaliación Continua, previa á avaliación final do módulo.

Esta proba terá carácter obxectivo e realizarase por escrito, cunha parte teórica e outra práctica, conforme ós mínimos exixibles establecidos nesta programación; os alumnos deberán obter como mínimo un 5 para acadar unha avaliación positiva do módulo.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Mensualmente e baixo a coordinación da xefatura do seminario, nas reunións de departamento realizarase o seguimento da programación e a súa adecuación á práctica docente; analizándose o grao de cumprimento, a razón das posibles desviacións e a maneira de solventalas, a adecuación da temporalización dos contidos ás características dunha clase concreta e os axustes que poideran facerse para acadar unha mellor asimilación dos contidos.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ó inicio do curso observarase a situación de partida do grupo. Baixo a coordinación do titor, o equipo docente fará unha posta en común sobre as características xerais da clase (cualificacións dos módulos do primeiro curso, formación xeral previa acadada e coñecementos específicos salientables) e as circunstancias particulares de aqueles alumnos que, por carencias en procedementos ou destrezas, precisen unha incidencia educativa específica que mellore as súas capacidades. Aplicaranse as medidas de reforzo que se estimen oportunas.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

En xeral, realizaranse actividades adicionais para aqueles alumnos que teñan dificultades para acadar as capacidades terminais elementais, e actividades de ampliación de coñecementos para aqueles que realicen as programadas en tempo inferior ó previsto; e en particular, seguiranse os protocolos de atención á diversidade marcados pola Consellería.

Máis en detalle, no caso de que algún alumno non alcanzara os obxectivos da programación, deberá ter unha atención personalizada na aula co fin de mellorar o seu traballo e os seus coñecementos. Dentro desta atención personalizada tomaranse medidas como: establecemento de tarefas extraordinarias de reforzo adaptadas e con seguimento particularizado, realización de actividades especiais en grupo e medidas de adaptación curricular.

As medidas de adaptación curricular levaranse a cabo soamente cando sexan estrictamente necesarias e segundo o establecido normativamente, para o alumnado que non sexa capaz de realizar as actividades con eficiencia e autonomía, ou que non sexa capaz de rematalas no prazo de tempo ordinario; a adaptación corresponderase coas súas capacidades e valorarase según as mesmas, abranguendo só os obxectivos mínimos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos transmítese en cada unidade didáctica, facendo que os alumnos desenrolen unha conciencia cidadán que lles permita comportarse de xeito adecuado no ámbito laboral. Caben salientar aspectos vencellados á asunción das propias responsabilidades; a importancia da formación e do correcto desempeño profesional; o respecto ás instalacións, ós membros da comunidade educativa e ó traballo dos compañeiros; o fomento dun bo clima na clase e a cooperación co grupo; o desenvolvemento da solidariedade e tolerancia cos demais; o rexeitamento de todo tipo de discriminacións raciais, relixiosas, sociais ou baseadas no sexo ou identidade sexual, etc.; a denuncia de calquera clase de acoso ou violencia; a práctica de actitudes contrarias ás inxustizas e á desigualdade de oportunidades; a valoración do pensamento crítico, o consumo responsable, a conservación do entorno natural e a búsqueda do ben común.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as actividades complementarias e extraescolares organizadas polo propio departamento e as organizadas polo centro educativo que estén relacionadas co ciclo formativo, tales como a asistencia a feiras e exposicións de materiais vencellados ó módulo e visitas a empresas, organismos públicos ou entidades emprendedoras para aprender a realizar diversas xestións e recoller a información que sexa de utilidade.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Fomento da lectura

Recomendaranse lecturas breves que exemplifiquen os aspectos máis salientables dalgunhas unidades didácticas.

### 10.2) Ensino non presencial

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES NO CASO DO ENSINO NON PRESENCIAL

Virán dados polos seguintes criterios de avaliación:

- Examináronse as facetas da innovación empresarial, relacionándoas como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
- Relacionáronse a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.
- Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
- Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
- Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
- Identificouse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
- Efectuouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
- Efectuouse unha análise da competencia para situar o produto.
- Identificáronse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
- Identificáronse as funcións dentro da empresa.
- Selecionouse a forma xurídica adecuada.
- Recoñecéronse e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
- Comprobase a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.
- Recoñeceuse a necesidade da realización dos trámites legais exixibles antes da posta en marcha dun negocio.
- Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función de forma xurídica que se elixa.
- Identificáronse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
- Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.

- Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social
- Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
- Xestionáronse os recursos humanos.
- Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.
- Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.

#### PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN NO CASO DO ENSINO NON PRESENCIAL

Procedementos: utilizando apuntes, exercicios e diversa documentación, realizar a simulación da posta en marcha dunha pequena ou mediana empresa, dende a búsqueda de posibles oportunidades de negocio (detección de necesidades insatisfeitas, identificación do segmento de mercado obxectivo, análise do mercado, estudo da competencia, deseño do produto ou servizo, cálculo dos custos, fixación do precio, determinación das canles de distribución e elección da promoción) ata a súa constitución e posta en marcha (elección da forma xurídica e da estrutura organizativa, cumprimentación dos trámites mercantís, laborais e fiscais, dimensionamento das inversións, búsqueda das fontes de financiamento, organización da produción ou prestación, fixación dos obxectivos de vendas, determinación do persoal necesario, análise económico e financeiro, presupuestación da tesorería e elaboración dos balances e resultados previsionais).

Instrumentos: actividades semanais que permitan comprobar que os alumnos teñen dominio dos contidos impartidos.

Metodoloxía: creación do espazo do curso na aula virtual do instituto, pola cal, e empregando todas as súas posibilidades multimedia, se incorporarán os diversos contidos e se propondrán as tarefas semanais que os alumnos teñen que devolver para a súa corrección; o emprego da aula virtual será complementado co correo electrónico e a videoconferencia.